

ANDEI CUN ZOMBIE

Jacques Tourneur, 1943

1395

ESTREA EN NUMAX: 31.10.2024 | V.O.S.E. | 69 min

Vudú, zombies e maxia negra combinanse nunha illa misteriosa neste clásico de terror de serie B dirixido por Jacques Tourneur ("A muller pantera") e producido polo mítico Val Lewton.



Unha inquietante historia colonial

Por Vikram Murthi

Cando o produtor de orixe rusa Val Lewton foi contratado pola RKO Pictures para ser o xefe da súa unidade de terror en 1942, pedíuselle que seguise tres simples normas. En primeiro lugar, que cada filme tivese un orzamento non maior a 150.000 dólares; en segundo lugar, cada filme debía durar menos de 75 minutos; e en terceiro lugar, o título de cada película sería achegado pola produtora. Tras os sonados fracasos comerciais de *Cidadán Kane* (1941) ou *O cuarto mandamento* (1942), de Orson Welles, a RKO atopábase nun momento problemático e tomouse a decisión de substituír o presidente do estudio George J. Schaefer por Charles Koerner, cuxa máxima era “espectáculo en lugar de xenio”, en referencia ás ambicións artísticas do seu predecesor. O que Koerner quería era producir películas baratas e comerciais, motivo polo que contratou a Lewton. O que non sabía é que o compromiso de Lewton con ese lema daría lugar a filmes como *Andei cun zombie* (1943).

O filme segue a Betsy Connell, unha enfermeira canadense que viaxe a unha plantación de azucre na illa caribeña de San Sebastián para coidar a Jessica Holland, a esposa do dono da plantación Paul Holland, que padece unha febre misteriosa. Unha vez alí descobre, entre outras cousas, que os Holland trouxeron escravos á illa, que o medio irmán alcohólico de Paul, Wesley, traballa na plantación e pensaba fuxir con Jessica da illa. Cando Betsy namora de Paul, decide facelo feliz curando a Jessica pero, ao non dar resultado ningún tratamento, recorre ao vudú e viaxa a través dos campos de cana de azucre até Houmfort. Axiña queda atrapada pola misteriosa condición de Jessica, nun lugar indefinido entre a vida e a morte.

Aínda que *Andei cun zombie* é tecnicamente un filme de terror, este maniféstase na iluminación e a atmosfera do filme en lugar do tradicional arrepío ou o exceso de violencia. O director Jacques Tourneur consegue desenvolver as complexidades agochadas por un guión inspirado en *Jane Eyre* e escrito por Curt Siodmak e Ardel Wray, a través do uso de suxestivas sombras e sofisticados movementos de cámara, suxerindo unha inquietante historia colonial na que tampouco se enfatiza en exceso. Aínda que *Andei cun zombie* pode transmitir certo exotismo, a maior parte do terror non procede dos propios nativos (de feito as escenas do ritual vudú están filmadas en respectuosas tomas longas) senón da propia plantación propiedade dos brancos. É unha illa maldita porque a súa existencia se basea no control e a propiedade racial e ese maldito infecta a todos, desde Jessica até a matriarca Sra. Brand.

Pero o que resulta especialmente efectivo en *Andei cun zombie* é a ambigüidade na presenza do sobrenatural. Cando os nativos apuñalan a Jessica ela non sangra. Pero é porque é unha zombie posuída por un deus vudú ou porque non ten vida ao ser cómplice dunha historia racial tan devastadora? Tourneur presenta o Mal no filme como un descendente directo da acción e comportamento humanos, sendo o sobrenatural a consecuencia natural dos horrores racionais. Todos os personaxes descartan as explicacións procedentes doutro mundo para a doenza de Jessica, atribuíndolle febres tropicais ou outros elementos externos. Cando Betsy leva a Jessica a través dos campos de azucre até Houmfort, somos testemuñas xunto a ela dalgunhas imaxes inquietantes, como un animal morto pendurando dunha árbore, pero é Carré-Four, un garda vudú con ollos saíntes, quen realmente a impresiona. Non é o seu rostro o que resulta inquietante senón a historia que hai detrás. Non é de estrañar que nin Holland nin Betsy se atrevan a miralo pois reflexa a corrosión colectiva da alma.



Na librería
NUMAX
numax.org/librería

El cine de Val Lewton:
Jacques Torneur, Mark
Robson...
Mark Robson, Val Lewton
e Jacques Tourneur.
Vértice [DVD]

Jacques Tourneur.
El cinema del anochecer,
Chris Fujiwara.
Providence Ediciones, 2023